

demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Presidente do Consorcio Galego de Servizos
de Igualdade e Benestar

Resolución do 19 de xaneiro de 2007 pola que se emprazan as persoas interesadas no recurso contencioso-administrativo 187/2006, interposto por Henrique Salas Ellacuriaga.

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela estase a tramitar, mediante procedemento abreviado, o recurso 187/2006 interposto por Enrique Salas Ellacuriaga contra o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en impugnación do acordo da asemblea xeral, con data do 10 de xullo de 2006, que aprobou as bases que han de rexer a cobertura do posto de xerente do consorcio.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Presidente do Consorcio Galego de Servizos
de Igualdade e Benestar

Resolución do 19 de xaneiro de 2007 pola que se aproban as bases xerais que han de rexer nos procedementos para a selección de persoal laboral temporal das Galescolas.

Consonte o disposto no artigo 17.17º do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os diversos concellos galegos para a constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, correspóndelle ao comité directivo do consorcio o establecemento das bases para a selección do persoal, así como a aprobación do cadro de persoal, as súas modificacións, a relación de postos de traballo, e a fixación da contía das retribucións.

Por acordo do comité directivo do 2 de outubro de 2006 delegáronse na xerencia o establecemento das bases para a selección de persoal, elaboración do cadro de persoal, RPT dos equipamentos de inmediata apertura para a súa aprobación e posterior resolución do presidente, así como a contratación do

persoal de acordo coas bases, cadro de persoal e orzamento aprobados.

De conformidade cos diversos convenios asinados cos concellos en que radican Galescolas, estes teñen dereito a participar no proceso de selección do persoal delas.

Co fin de garantir a plena efectividade do devandito dereito, así como a plena implicación do persoal das Galescolas na realidade social do territorio en que se sitúan, a convocatoria para a selección do seu persoal farase de xeito individualizado para cada un dos centros.

Porén, cómpre que na formación do persoal das Galescolas se estableza unha certa homoxeneidade e, deste xeito, que nos procesos de selección que se desenvolvan en cada centro se sigan os mesmos criterios e requisitos de acceso, por canto se trata de persoal integrado en escolas que, aínda que dotadas de individualidade, forman parte dunha rede que ten, entre outros, o obxectivo de garantir unha formación integral en galego das nenas e nenos nos seus primeiros anos.

Por último, a necesidade de prover con carácter urxente de persoal as Galescolas de recente creación, fai necesaria a elección dun sistema de selección que permita dotar estas prazas coa máxima celeridade, dentro do respecto aos principios de publicidade, mérito e capacidade.

Por todo isto, a presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aprobou unhas bases xerais de aplicación ás convocatorias para a selección de persoal temporal, persoal de servizos xerais, educadores e educadoras, e mestres e mestras ou calquera outra praza de natureza semellante ás anteriormente citadas da Rede de Galescolas de Galicia.

O texto íntegro destas bases, en que constan as normas que rexen os requisitos dos/as candidatos/as e a súa admisión, o proceso de selección e a descripción das funcións das prazas convocadas, pode consultarse no taboleiro de anuncios do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (r/ Eduardo Pondal, 30, 4º, 15702 Santiago de Compostela) e na súa páxina web (<http://www.igualdadebenestar.org>).

O texto íntegro das convocatorias de cada proceso para a selección do persoal de cada unha das Galescolas, en que se fará constar o contido das bases xerais, publicarase nos lugares indicados no parágrafo anterior, así como no taboleiro de edictos do concello onde estea situada a Galescola. Así mesmo, publicarase un anuncio delas nun diario de ampla difusión na localidade onde estea situada a Galescola.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Presidente do Consorcio Galego de Servizos de
Igualdade e Benestar